

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

EDICTO do 19 de setembro de 2017, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución do expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Monte de Vales, Regueiriño, Patomela, Barronca, O Tesiño, Campo da Escola e Campo de Santa Ana a favor dos veciños da parroquia de Sandiás (Santo Estevo), no concello de Sandiás.

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar con data do 23 de febreiro de 2017 adoptou a seguinte resolución:

Examinado o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Monte de Vales, Regueiriño, Patomela, Barronca, O Tesiño, Campo da Escola e Campo de Santa Ana a favor dos veciños da parroquia de Sandiás (Santo Estevo), no concello de Sandiás (Ourense), resultan os seguintes

Feitos:

Primeiro. Con data do 20 de xullo de 2016, o Xurado Provincial acordou iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designando instrutor e realizando as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e abriu un período dun mes para a práctica de alegacións.

Previamente, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común executou a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia número 0026/2015, ditada o día 22 de xaneiro de 2015, e pola que se declaraba a nulidade da resolución de clasificación do monte coa denominación de Vales, Regueiriño, Patomela, Barronca, O Tesiño, Campo da



Escola e Campo de Santa Ana, do 18 de maio de 2011, ao estimarse que a resolución de clasificación estivo desprovista da planimetría suficiente para o efecto legal e regulamentariamente establecido.

O Xurado Provincial, revisada a documentación que consta no expediente, considerou que si existe no expediente a planimetría exixida pola lexislación, polo que acordou de oficio o inicio da clasificación dos citados montes.

Segundo. Contra o acordo de inicio de clasificación foron presentados escritos de alegacións polo Concello de Sandiás, Salvador Rodríguez Ballón, José Benito Dorado Fernández, Juan Enrique Abadía Carnero, María Concepción Gándara e pola CMVMC de Sandiás.

En primeiro lugar, en relación co escrito presentado pola comunidade de montes de Sandiás, esta solicita que se delimiten con precisión os aproveitamentos de auga e as infraestruturas de captación e que soamente se consideren os descritos na Sentenza 828/2014 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e en vigor na confederación hidrográfica. Non obstante, de acordo co informe do Servizo de Montes, será o Concello de Sandiás o que deba delimitar os terreos ocupados por aproveitamentos de auga autorizados pola confederación hidrográfica. No entanto, no escrito de alegacións presentado polo propio Concello non se delimitan estes terreos, senón que se solicita a exclusión das parcelas catastrais completas onde se localizan.

Por outro lado, indícase no citado escrito de alegacións que na parcela 144 do polígono 165 e na parcela 392 do polígono 162 non consta a existencia de captación ningunha. En relación con isto hai que sinalar que a Sentenza 828/2014 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia declara que deben ser excluídos da clasificación os terreos indicados nas letras C, E, F, G e H do escrito de demanda. E na letra C recóllese o seguinte: os ocupados por aproveitamentos de auga autorizados pola confederación hidrográfica a favor do Concello de Sandiás que se localizan na parcela 144 do polígono 165, que, pola a súa vez, recibe auga dos situados na parcela 392 do polígono 164 (enténdase que hai un erro no escrito de demanda e sería o polígono 162), e na parcela 145 do polígono 165.

Así mesmo, solicítase o incremento da superficie en clasificación das parcelas 9002 do polígono 149 e 9009 do polígono 163, con fundamento na existencia dun aproveitamento veciñal desde tempos inmemoriais. Non obstante, o Xurado considera a este respecto que non procede solicitar neste momento un aumento da superficie, xa que o presente procedemento foi iniciado de oficio polo Xurado de Montes co obxecto de clasificar os terreos tal



e como estaban recoñecidos antes de que a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia número 0026/2015 declarase a nulidade da resolución de clasificación. Todo isto sen prexuízo de que os interesados promovan unha solicitude de ampliación do monte nun momento posterior.

Tamén se solicita a modificación do linde norte do predio denominado Monte de Vales no seu límite co MVMC Paraños, pertencente á parroquia de Piñeira de Arcos; así como a inclusión dunha pequena superficie da parcela 106 do polígono 104, do concello de Allariz. En ambos os casos, e de acordo co informe do Servizo de Montes, desestímase a solicitude presentada, ao entender que deberá acudirse para establecer os lindes ao procedemento establecido no artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Polo que respecta ás alegacións presentadas polo Concello de Sandiás, expónse que no acordo de inicio de clasificación se incluíron uns camiños en que non existiu un aproveitamento consuetudinario, senón que son de uso público para acceso a predios que se pretenden clasificar, e que tamén se atopan indebidamente incluídas determinados predios privados.

Solicítase, así mesmo a exclusión das parcelas que no catastro de 1958 figuraban como titularidade do Concello de Sandiás; dos predios por onde transcorren as redes abastecemento e saneamento; e dalgúns terreos que o Concello considera que teñen a consideración de dominio público, tales como aqueles en que se sitúa o depósito de auga de Sandiás ou no que hai unha fonte.

Non obstante, no presente caso o que procede é, como se dixo, a execución da sentenza do TSX de Galicia do día 23 de outubro de 2014 (nº 828/2014), que ordena excluír da clasificación realizada previamente os terreos numerados do 1 ao 5 no fundamento terceiro da referida sentenza e que se corresponden cos seguintes:

- Monte de Vales: os terreos ocupados por aproveitamentos de auga autorizados pola confederación hidrográfica a favor do Concello de Sandiás.
- O Tesiño: parcela na cal se encontra o pozo e a estación de bombeo do Concello de Sandiás destinada ao servizo de abastecemento municipal de auga.
- Campo da Escola: terreo en que se empraza o edificio da antiga Escola de Santa Ana, incluído no Inventario de bens patrimoniais do Concello de Sandiás de 1964 e no Inventario de bens ratificado en 1993, clasificada no PXOM como equipamento.



– Campo de Santa Ana: parcelas onde se sitúan as redes de saneamento e de abastecemento de auga.

– Monte da Torre: parcela onde está a torre medieval, cedida pola Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia.

No que respecta ao primeiro punto, o que procede é delimitar os terreos ocupados por aproveitamentos de auga autorizados pola confederación hidrográfica a favor do Concello, pero non a exclusión completa das parcelas onde se encontran.

Por último, foron presentados adicionalmente escritos de alegacións por Salvador Rodríguez Ballón, José Benito Dorado Fernández, Juan Enrique Abadía Carnero e María Concepción Gándara.

José Benito Dorado Fernández reclama as parcelas 72, 76 e 80 do polígono 168, xa que nelas ten construídas dúas naves destinadas a actividades diversas. Pola súa parte, Salvador Rodríguez Ballón alegou que a parcela con referencia catastral 0004000500PG06C0001BQ foi aproveitada privativamente pola súa familia desde hai máis de 80 anos, polo que entende que non pode ter carácter veciñal, e Juan Enrique Abadía Carnero reclama a propiedade da parcela 288 do polígono 167.

En relación cos citados escritos de alegacións, o Xurado conclúe que debe proceder á clasificación do monte veciñal tal e como foi realizada con data do 18 de maio de 2011, pois os terrenos incluídos nela entendeuse nese momento que cumprían os requisitos previstos no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común. Deben realizarse unicamente, por tanto, as alteracións correspondentes derivadas da execución da sentenza do TSX de Galicia do día 23 de outubro de 2014 (nº 828/2014).

Así como a exclusión da parcela 88 do polígono 150 correspondente a María Concepción Gándara, tal e como recoñeceu a comunidade de montes veciñais en man común de Sandiás, que comunicou que existe unha sentenza xudicial que recoñece que a reclamante é a propietaria da parcela citada.

Terceiro. O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación que consta no expediente, descríbese así:

Denominación do monte: Monte de Vales, Regueiriño, Patomela, Barronca, O Tesiño, Campo da Escola e Campo de Santa Ana.



Superficie: 117,31 ha.

Pertenza: parroquia de Sandiás (Santo Estevo).

Parroquia: Sandiás (Santo Estevo).

Concello: Sandiás.

Descrición dos terreos que constitúen o monte:

1ª Parcela. Monte de Vales 1:

– Parcelas catastrais que comprende e superficies:

Concello	Polígono	Parcela	Superficie catastral (m ²)	Superficie en clasificación (m ²)
Sandiás	163	383	22.880	14.700
		382	739	739
		9006	1.903	1.419
		381	31.311	31.311
		9003	6.403	4.954
		9002	1.253	188
		9007	8.077	6.452
		9008	237	237
		127	587	587
		163	7.506	7.506
		164	2.375	2.375
		165	1.202	1.202
		251	2.083	2.083
		487	205	205
		488	243	243
	169	463	6.108	6.108
		1114	11.412	11.412
		562	10.514	10.514
		1040	10.874	10.874
		640	452	452
		885	224.925	29.459
		638	12.515	12.515
		9016	1.000	1.000
		9017	1.081	1.081
		9013	4.637	731
		636	6.568	6.568
639	26.121	26.121		
561	5.191	5.191		
627	1.253	1.253		



Concello	Polígono	Parcela	Superficie catastral (m ²)	Superficie en clasificación (m ²)	
	167	205	6.927	894	
		211	7.084	285	
		249	517	517	
		275	33.688	33.688	
		278	12.073	12.073	
		279	21.074	21.074	
		280	5.711	5.711	
		288	1.633	1.633	
		296	1.344	1.344	
		325	7.894	7.894	
		329	112.693	112.693	
		9006	2.912	1.178	
		9004	2.179	1.557	
		9002	4.111	3.427	
		168	72	1.457	113
	76		964	55	
	80		648	87	
	137		50	50	
	169		85.267	85.267	
	368		1.856	1.856	
	369		1.274	1.274	
	436		1.235	1.235	
	437		1.602	1.602	
	441		2.225	2.225	
	446		499	499	
	448		68.678	68.678	
	533		82.321	82.321	
	9002		3.434	2.201	
	164		9001	1.733	262
		147	441	441	
		9004	3.593	1.547	
		9002	1.708	1.708	
		9005	964	964	
		133	2.856	348	
		135	981	258	
	165	9001	7.304	7.304	
		143	83.975	83.975	
		142	22.651	22.651*	
		9002	2.718	351	
	Superficie total en clasificación				768.720



– Estremas:

a) Perímetro exterior.

Norte (parcelas enumeradas de oeste a leste mediante datos catastrais):

Concello	Polígono	Parcela
Sandiás	163	9006 (resto da parcela), 383 (resto da parcela), 9003 (resto da parcela).
	169	424, 426, 427, 428, 429, 430, 1305, 432, 433, 434, 456, 455, 454, 453, 458, 464, 462, 459, 527, 526, 1321, 544, 545, 547, 546, 541, 542, 548, 549, 550, 551, 552, 556, 558, 560, 1311, 559, 1310, 555, 521, 520, 519, 518, 461, 462, 464, 465, 1307, 517, 516, 515, 514, 513, 506, 507, 508, 510, 1308, 512, 885 (resto da parcela), 1299, 567, 563, 564.
	168	376, 377, 378, 379, 641, 374, 373, 637, 375, 372, 638.
	169	9013 (resto da parcela), 565, 1312, 571, 571, 9012, 572, 572, 576, 577, 578, 579, 580, 1318, 582, 9013, 583.

Leste (parcelas enumeradas de norte a sur mediante datos catastrais):

Concello	Polígono	Parcela
Sandiás	168	9001, 367, 366, 365, 631, 361, 9003, 642, 370, 371, 359, 358, 356, 357, 166, 164, 163, 162, 159, 158, 157, 156, 155, 154, 153, 152, 150, 145, 144, 635, 143, 142, 141, 140, 139, 138.

Sur (parcelas enumeradas de leste a oeste mediante datos catastrais):

Concello	Polígono	Parcela
Sandiás	168	83, 82, 81, 80 (resto da parcela), 76 (resto da parcela), 72 (resto da parcela), 67, 66, 9004, 18, 19, 20, 21, 23, 25, 26, 27, 28, 86, 125, 126, 127, 136, 128, 129, 130, 131, 132, 133, 134, 135, 120, 117, 107, 108, 106, 105, 633, 397, 396, 395, 382, 381, 380, 383, 384, 385, 386, 426, 428, 429, 389, 640, 388, 421, 420, 419, 409, 410, 411, 414, 413, 412, 408, 417, 416, 415, 55, 632, 631, 628, 53, 58, 38, 43, 45, 52, 51.
	167	9002 (resto da parcela), 119, 186, 183, 181, 180, 173, 172, 171, 170, 194, 400, 332, 401, 283, 285, 286, 287, 282, 398, 197, 198, 199, 205, 211, 219, 227, 222, 248, 247, 246, 245, 244, 237, 238, 239, 242, 243, 327, 326, 9006 (resto da parcela), 262, 257, 260, 276, 271, 272, 273, 274, 9003, 211, 205, 204, 331, 200, 201, 202, 203, 192, 193, 188, 170, 9005, 154, 152, 151, 149, 147, 145, 396, 144, 394123, 121, 120.
	166	9002, 71, 72.
	165	9002 (resto da parcela), 2, 1, 6, 8, 9, 10, 11, 13, 12152, 14, 28, 37, 36, 35, 155, 43, 42, 25, 44, 50, 51, 52, 55, 53, 54, 56, 66, 67, 68.



Oeste (parcelas enumeradas de sur a norte mediante datos catastrais):

Concello	Polígono	Parcela
Sandiás	165	69
	164	9001 (resto da parcela), 153, 237, 152, 151, 150, 149, 148, 9004 (resto da parcela), 146143, 142, 112, 113, 133, 135, 136, 132.
	163	9002 (resto da parcela), 252, 9009, 9007 (resto da parcela), 379, 277, 278, 279, 280, 281, 9007 (resto da parcela), 153, 152, 151, 150, 149, 148, 147, 144, 146, 143, 141, 140, 138, 136, 135, 134, 133, 9007 (resto da parcela), 122, 123, 124, 125, 126, 131, 166, 167, 168, 170, 171, 172, 173, 174, 238, 240, 250, 244, 246, 247, 248, 249, 9002 (resto da parcela).
	167	307, 310, 311, 320, 321, 323, 324, 316, 9004 (resto da parcela), 293, 294, 289, 290, 291, 295, 297, 293, 299.
	163	9003 (resto da parcela), 232, 231, 214, 227, 226, 223, 222, 220, 219, 215, 216, 213, 212, 210, 209, 9003 (resto da parcela), 470, 208, 207, 206, 109, 205, 106, 105.
Allariz	104	597, 106.

b) Perímetro interior (encravados).

Concello	Polígono	Parcela	Propietario
Sandiás	168	422	-
		423	-
		424	-
		425	-
		440	-
		430	-
		431	-
		432	-
		433	-
		434	-
		435	-
		438	-
		439	-
		442	-
		443	-
		444	-
		445	-
447	-		

* Exclúense tamén, na parcela 142 do polígono 165, os terreos ocupados por aproveitamentos de auga autorizados pola confederación hidrográfica a favor do Concello de Sandiás.



2ª Parcela. Monte de Vales 2:

– Parcelas catastrais que comprende e superficies:

Concello	Polígono	Parcela	Superficie catastral (m ²)	Superficie en clasificación (m ²)
Sandiás	165	144	12.275	12.275*

– Estremas:

a) Perímetro exterior.

Norte (parcelas enumeradas de oeste a leste mediante datos catastrais):

Concello	Polígono	Parcela
Sandiás	165	71, 70, 68, 67, 66, 65.

Leste (parcelas enumeradas de norte a sur mediante datos catastrais):

Concello	Polígono	Parcela
Sandiás	165	62, 61, 60, 59, 58, 140, 9003.

Sur (parcelas enumeradas de leste a oeste mediante datos catastrais):

Concello	Polígono	Parcela
Sandiás	165	122, 123, 121, 117, 115, 114, 102, 101.

Oeste (parcelas enumeradas de sur a norte mediante datos catastrais):

Concello	Polígono	Parcela
Sandiás	165	83, 75.

b) Perímetro interior (encravados).

* Exclúense os terreos ocupados por aproveitamentos de auga autorizados pola confederación hidrográfica a favor do Concello de Sandiás.

3ª Parcela. Monte de Vales 3:

– Parcelas catastrais que comprende e superficies:

Concello	Polígono	Parcela	Superficie catastral (m ²)	Superficie en clasificación (m ²)
Sandiás	147	9002	1.060	294
	148	150	4.066	4.066
		152	2.326	2.326



Concello	Polígono	Parcela	Superficie catastral (m ²)	Superficie en clasificación (m ²)
		218	7.975	7.975
		9001	4.239	1.309
		9005	7.972	1.980
	149	9002	3.808	1.139
	150	149	63.509	63.509
		150	3.536	3.536
		152	1.991	1.991
		9001	3.984	3.984
		9002	1.399	1.399
	151	9005	8.922	8.922
		413	112.298	10.438
		422	32.416	32.416
		423	8.588	8.588
	162	9004	1.792	1.213
		392	53.482	53.482*
		9009	1.827	1.827
	164	9001	3.152	1.806
		9005	927	927
	165	9001	1.733	245
		145	105.590	105.590*
		146	9.697	9.697
		147	6.300	6.300
		148	1.035	1.035
		9003	2.957	2.123
		9004	859	276
Superficie total en clasificación				338.393

– Estremas:

a) Perímetro exterior.

Norte (parcelas enumeradas de oeste a leste mediante datos catastrais):

Concello	Polígono	Parcela
Sandiás	164	246, 221, 220, 244, 217, 216, 241, 201, 198, 196, 9001 (resto da parcela).
	165	100, 99, 98, 97, 96, 94, 92, 93, 157, 88, 86, 85, 84, 83, 101, 9004 (resto da parcela), 108, 109, 110, 111, 112, 113, 114, 115, 116, 119, 118, 120, 123, 138, 158, 9003 (resto da parcela), 140, 22, 21, 153, 17, 16, 15, 141, 19, 20, 18, 9002.

Leste

Concello	Polígono	Parcela
Sandiás	149	9002 (resto da parcela).



Sur (parcelas enumeradas de leste a oeste mediante datos catastrais):

Concello	Polígono	Parcela
Sandiás	149	116, 117, 118, 119, 120, 121, 122, 123, 124, 125, 126, 136, 155, 154, 153, 9001.
	150	2, 1, 10, 11, 12, 14, 17, 18, 19, 20, 9004, 38, 73, 71, 70, 69, 74, 75, 76, 77, 80, 81, 82, 83, 87, 88, 148, 98, 99, 100.
	148	9001 (resto da parcela), 257, 258, 256, 259, 260, 261, 282, 283, 284, 285, 287, 286, 282, 9005 (resto da parcela), 280, 281, 139, 140, 141, 142, 199, 202, 201, 204, 214, 213, 212, 211, 210, 209, 215, 216.
	147	9001, 126, 125, 124, 122.

Oeste (parcelas enumeradas de sur a norte mediante datos catastrais):

Concello	Polígono	Parcela
Sandiás	147	9002 (resto da parcela).
	151	333, 334, 450, 449, 351, 352, 354, 355, 421, 356, 369, 370, 371, 444, 443, 446, 445, 377, 402, 413 (resto da parcela), 9004 (resto da parcela).
	162	370, 357, 444, 354, 443, 351, 350, 345, 349, 347, 442, 333, 326.

b) Perímetro interior (encravados).

Concello	Polígono	Parcela	Propietario
Sandiás	151	335	-
		336	-
		552	-

* Exclúense tamén, na parcela 392 do polígono 162 e na parcela 145 do polígono 165, os terreos ocupados por aproveitamentos de auga autorizados pola confederación hidrográfica a favor do Concello de Sandiás.

4ª Parcela. Regueiriño:

– Parcelas catastrais que comprende e superficies:

Concello	Polígono	Parcela	Superficie catastral (m ²)	Superficie en clasificación (m ²)
Sandiás	149	24	547	547
		173	23	23
Superficie total en clasificación				570



– Estremas:

a) Perímetro exterior.

Norte (parcelas enumeradas de oeste a leste mediante datos catastrais):

Concello	Polígono	Parcela
Sandiás	149	9004

Leste (parcelas enumeradas de norte a sur mediante datos catastrais):

Concello	Polígono	Parcela
Sandiás	149	26, 25.

Sur e oeste (parcelas enumeradas de leste a oeste mediante datos catastrais):

Concello	Polígono	Parcela
Sandiás	149	20, 21.

b) Perímetro interior (encravados).

Non existen encravados.

5ª Parcela. Patomela:

– Parcelas catastrais que comprende e superficies:

Concello	Polígono	Parcela	Superficie catastral (m ²)	Superficie en clasificación (m ²)
Sandiás	32	368	3.104	3.104

– Estremas:

a) Perímetro exterior.

Norte e leste (parcelas catastrais):

Concello	Polígono	Parcela
Sandiás	502	1285, 9083, 1284, 1283.

Sur e oeste (parcelas catastrais):

Concello	Polígono	Parcela
Sandiás	502	1286, 1287.



b) Perímetro interior (encravados).

Non existen encravados.

6ª Parcela. Barronca:

– Parcelas catastrais que comprende e superficies:

Concello	Polígono	Parcela	Superficie catastral (m ²)	Superficie en clasificación (m ²)
Sandiás	29	1	295	251
	502	768	7.340	538
Superficie total en clasificación				789

– Estremas:

a) Perímetro exterior.

Norte, leste e oeste (parcelas enumeradas de oeste a leste mediante datos catastrais):

Concello	Polígono	Parcela
Sandiás	502	768

Sur (datos catastrais):

Concello	Polígono	Parcela
Sandiás	29	9001

b) Perímetro interior (encravados).

Non existen encravados.

7ª Parcela. O Tesiño:

– Parcelas catastrais que comprende e superficies:

Concello	Polígono	Parcela	Superficie catastral (m ²)	Superficie en clasificación (m ²)
Sandiás	44	429	446	446
		9001	431	431
	49	313	667	667
		9001	81	81
Superficie total en clasificación				1.625



– Estremas:

a) Perímetro exterior.

Norte (parcelas enumeradas de oeste a leste mediante datos catastrais):

Concello	Polígono	Parcela
Sandiás	502	938, 9143, 937.

Leste (parcelas enumeradas de norte a sur mediante datos catastrais):

Concello	Polígono	Parcela
Sandiás	502	950

Sur (parcelas enumeradas de leste a oeste mediante datos catastrais):

Concello	Polígono	Parcela
Sandiás	502	949, 9031.

Oeste (parcelas catastrais):

Concello	Polígono	Parcela
Sandiás	502	939

b) Perímetro interior (encravados).

Non existen encravados.

8ª Parcela. Campo da Escola:

– Parcelas catastrais que comprende e superficies:

Concello	Polígono	Parcela	Superficie catastral (m ²)	Superficie en clasificación (m ²)
Sandiás	29	2	3.214	3.214

– Estremas:

a) Perímetro exterior.

Norte e leste (parcelas catastrais):

Concello	Polígono	Parcela
Sandiás	502	758, 759.



Sur (parcelas catastrais):

Concello	Polígono	Parcela
Sandiás	29	9002

Oeste (parcelas catastrais):

Concello	Polígono	Parcela
Sandiás	168	9001

b) Perímetro interior (encravados).

Parcela coa referencia catastral: 000401100PG06C0001QQ (edificio da antiga escola de Santa Ana).

9ª Parcela. Campo de Santa Ana:

– Parcelas catastrais que comprende e superficies:

Concello	Polígono	Parcela	Superficie catastral (m ²)	Superficie en clasificación (m ²)
Sandiás	30	307	875	875
		308	14.790	14.790
		309	2.997	2.997
		9001	345	345
		9000	1.481	1.481
	31	8	885	885
		9	1.954	1.954
		10	734	734
	000400500PG06C0001BQ		246	246
	000400100PG06C0001UQ		112	112
	46	1	3.858	3.858
		2	2.748	2.748
		3	9.520	9.520
		4	425	425
		9001	2.764	2.764
		9002	652	652
	502	9000	7.005	39
Superficie total en clasificación				44.425



– Estremas:

a) Perímetro exterior.

Norte (parcelas enumeradas de oeste a leste mediante datos catastrais):

Concello	Polígono	Parcela
Sandiás	502	777, 9021, 741, 740, 9022

Leste (parcelas enumeradas de norte a sur mediante datos catastrais):

Concello	Polígono	Parcela
Sandiás	502	739, 732, 736, 9130
	34	9002

Sur (parcelas enumeradas de leste a oeste mediante datos catastrais):

Concello	Polígono	Parcela
Sandiás	502	881, 9074, 737, 738, 780
	31	9001

Oeste (parcelas enumeradas de sur a norte mediante datos catastrais):

Concello	Polígono	Parcela
Sandiás	31	9002, 779

b) Perímetro interior (encravados).

Concello	Polígono	Parcela	Propietario
Sandiás	30	9002	-

Fundamentos de dereito:

Primeiro. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei «son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades



produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños».

Terceiro. É reiterada doutrina da Sala Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa, e corresponde constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que veña gozando del ao xurado provincial de clasificación.

Cuarto. O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes, as actuacións realizadas polo Servizo de Montes, e a documentación que consta no expediente.

En consecuencia co que antecede, examinada a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, e demais normativa legal e regulamentaria, o Xurado Provincial, por unanimidade dos seus membros,

RESOLVE:

Clasificar como monte veciñal en man común o monte denominado Monte de Vales, Requeiriño, Patomela, Barronca, O Tesiño, Campo da Escola e Campo de Santa Ana a favor dos veciños da parroquia de Sandiás (Santo Estevo), no concello de Sandiás (Ourense), de acordo coa descrición realizada no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso postestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da citada Lei 13/1989, nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común,



modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 30 de setembro de 2017

Yago Borrajo Sánchez
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais
en Man Común de Ourense



los juzgados de esta ciudad y atendiendo a la naturaleza del litigio, no apreciando circunstancias excepcionales que aconsejen fijar otra cuantía, se señala como límite máximo de la condena en costas, por los honorarios de abogado, la suma de 500 euros.

FALLO


ESTIMAR el recurso contencioso-administrativo interpuesto por D. José [redacted] contra la desestimación por silencio administrativo del recurso de reposición interpuesto contra la Resolución de fecha 23 de febrero de 2017, del Jurado Provincial de Clasificación de montes vecinales en mano común de Ourense, anulando la Resolución del Jurado Provincial de Clasificación de Montes Vecinales en Mano Común de fecha 23 de febrero de 2017 publicada en Edicto de 19 de septiembre de 2017 (DOGA 19 de octubre de 2017), únicamente en lo relativo a la inclusión de la finca del actor, debiendo, en consecuencia, excluirse de la clasificación los terrenos de la finca Barronca en su total extensión (7340 m2).







Las costas serán satisfechas por la Administración demandada, señalándose como límite máximo de la condena en costas, por los honorarios de abogado, la suma de 500 euros.

Contra esta sentencia cabe recurso de apelación en el término de los 15 días siguientes al de su notificación ante la Sala de lo Contencioso Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia.

Una vez firme procédase a la devolución del expediente administrativo al órgano de procedencia, con certificación de esta resolución para que en el plazo de dos meses la lleve a puro y debido efecto y practique lo que exija el cumplimiento de las declaraciones contenidas en el fallo.

Así por esta mi Sentencia, de la que se llevará testimonio a los autos, lo pronuncio, mando y firmo.



 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Servizo de Montes de Ourense	CLASIFICACIÓN DO MVMC "MONTE DE VALES, REGUEIRIÑO, PATOMELA, BARRONCA, O TESIÑO, CAMPO DA ESCOLA E CAMPO DE SANTA ANA " A FAVOR DOS VECIÑOS DA PARROQUIA DE SANDIÁS NO CONCELLO DE SANDIÁS	ESCALA 1: 5000
 TERREOS DO MVMC "MONTE DE VALES, REGUEIRIÑO, PATOMELA, BARRONCA, O TESIÑO, CAMPO DA ESCOLA E CAMPO DE SANTA ANA CLASIFICADO POR ACORDO DO X.P. DO 16/03/2016	 TERREOS EXCLUIDOS POLA SENTENZA 227/19 DO XDO. CONT-ADTVO. 2 DE OURENSE	SISTEMA DE REFERENCIA ETRS89 COORDENADAS UTM FUSO 29
 TERREOS EXCLUIDOS POLA SENTENZA 828/2014 DO TSXG (ACORDO DO X.P. DO 10/12/2014)	 PARCELAS NAS QUE SE EXCLUEN OS TERREOS OCUPADOS POR APROVEITAMENTOS DE AUGA AUTORIZADOS POLA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA A FAVOR DO CONCELLO DE SANDIÁS POLA SENTENZA 828/2014 DO TSXG (ACORDO DO X.P. DO 10/12/2014)	
 PARCELAS CATASTRAIS DE SANDIÁS		<small>BASE CARTOGRAFICA CARTOGRAFIA VECTORIAL DA "DIRECCION XERAL DO CATASTRO" ACTUALIZADA A XANEIRO DE 2010 E FINDA CESSO POR © "INSTITUTO GEOGRAFICO NACIONAL DE ESPAÑA"</small>